
NOVIDADES NA DECLARACIÓN DE SUPERFICIES DA SOLICITUDE ÚNICA 2017

Santiago Vázquez Abal
FOGGA

08.02.2017

ÍNDICE

- I. Actualizacións no SIXPAC.
- II. Novidades na normativa: a Orde de axudas.
- III. Presolicitudes.
- IV. Aplicación de captura.

I – ACTUALIZACIÓNS NO SIXPAC

- ◆ Separación dos usos TA e PS de acordo coa serie de declaracións en 5 anos anteriores: actualizados 43.517 recintos e 14.352 ha.
- ◆ Pendentes na caché 2017 parte das actualizacións de uso por alegacións e controis terreo da campaña 2016, PERO nas presolicitudes 2017 actualizaranse os cambios de uso en recintos completos (é dicir sen cambios de xeometría) definidos con posterioridade, aínda que os novos usos resultantes non se verán co visor).
- ◆ Hai 118 concellos con modificación de mallas catastrais debido ao “mantemento da converxencia” entre catastro e SIXPAC.
- ◆ Fusión automática de recintos colindantes co mesmo uso (con excepcións).
- ◆ Modificacións noutras capas SIXPAC: SIE, pastos permanentes, ¿¿¿Elementos da paisaxe???

II – NOVIDADES NA ORDE DE AXUDAS

- ◆ No **artigo 9** (Solicitud Única), **apartado 4**: obriga para outros agricultores (que non solicitan axudas) de presentar a SU, incluíndo as súas parcelas, para efectos da súa inscrición no **REGIPA**.
- ◆ No **artigo 11** (contido da Solicitud Única), **apartado 6**: “De acordo co apartado 3 do artigo 92 do Real Decreto 1075/2014, os solicitantes que declaren máis de 30 ha deberán delimitar gráficamente e en formato dixital as parcelas agrícolas da explotación”. Para este fin contabilízanse hectáreas netas admisibles, incluíndo recintos FO nos que se soliciten axudas de DR.
- ◆ No **artigo 19** (alegacións ao SIXPAC), **apartado 3**:
 - ♣ No caso de propoñer o agricultor un valor do **CAP distinto aos indicados** “axustarase de oficio á baixa resultando aplicables as reducións e sancións correspondentes por sobredeclaración de superficies”.
 - ♣ “Tendo en conta que as superficies marxinais sen unha actividade agrícola non son superficies admisibles, non se considerarán pastos arbustivos ou con arboredo os límites dos recintos (particularmente os de terras de cultivo, pasteiros ou cultivos permanentes) nin tampouco recintos ou partes de recintos inferiores a 0,3 hectáreas, salvo que estean unidos a outras superficies de pasto da explotación con actividade de pastoreo e que en conxunto superen ese límite”.

- ◆ No **artigo 23.3 (elementos da paisaxe na condicionalidade)**: “En relación coa BCAM 7 e concretamente no referido ao mantemento das particularidades topográficas ou elementos da paisaxe, non será posible efectuar unha alteración de ditos elementos agás daqueles que se indican expresamente na descrición desta BCAM no anexo VII sempre e cando a súa alteración veña motivada por razón da viabilidade económica da explotación. Para que dita alteración non dea lugar a un incumprimento da condicionalidade será necesario comunicala antes do 31 de maio mediante unha solicitud de modificación do SIXPAC (tipo 11) acompañada dunha memoria descriptiva dos motivos razoados que levan á modificación ou eliminación do elemento en relación coa viabilidade económica da explotación, así como das preceptivas autorizacións no ámbito correspondente (forestal, medioambiental, hidráulico, etc.) cando sexan necesarias. As solicitudes que non estean debidamente razoadas serán denegadas e, no seu caso, darán lugar a un incumprimento da condicionalidade. As solicitudes presentadas despois da notificación ou execución dun control sobre o terreo non serán tidas en conta para a campaña en curso e terán efectos para a campaña seguinte”.

◆ No **artigo 33 (periodo principal de cultivo):**

- ♣ **“Irá do 15 de xaneiro ao 15 de abril”.**
- ♣ “As esixencias relativas ao número de cultivos e ás súas porcentaxes deberán respectarse todos os días do citado período”.

◆ Anexo I (documentación complementaria), no apartado C.2, para os cambios de uso de FO a un uso agrícola ou viceversa:

- ♣ Esíxese a comunicación/autorización preceptiva de acordo cos artigos 60 a 62 da Lei 7/2012 de montes de Galicia.
- ♣ A alegación ao SIXPAC resolverase en función do uso atopado, pero no caso de non achegarse a comunicación/autorización preceptiva comunicarase a incidencia aos servizos de forestais.

◆ Algunhas novidades que non figuran na Orde pero aparecen na modificación do Real Decreto:

- ♣ Elimínase o mínimo de 0,2 ha por solicitude para o RPB.
- ♣ No Anexo VIII relativo a requisitos das SIE:
 - Comprobación de rotación de SIE: as SIE 2017 non poden ser CFN en 2016 que computaran para SIE en 2016 (xa estaba así na Circular 2016 de controis administrativos, pero non no RD).
 - Admítense soia (34) e cacahuete (87) como CFN para SIE.

Algunhas consideracións relativas ao novo periodo principal de cultivo

1. No caso de cultivo de raigrass entre cultivos (sementado tras recoller o millo do verán de 2016 e recollido para sementar millo no 2017), declararase produto 69, que é o presente durante o periodo principal. Cinco anos seguidos con esta declaración non daría lugar a un uso PS. Nesta situación non se declara millo como cultivo secundario.
2. No caso de inactividade entre dous cultivos de millo (é dicir, monocultivo de millo: no verán de 2016 e no verán de 2017), no periodo principal haberá herba espontánea con restos da colleita de millo. Nesta situación declararase millo (produto 4) como cultivo principal. De acordo con indicacións recibidas do FEGA, neste tipo de situacións non se declara o produto 20 (barbeito non SIE), pois esta inactividade entre cultivos non se pode considerar barbeito, senón que corresponde declarar o produto da colleita anterior (a de 2016): millo, trigo ou o que corresponda.

3. Nos casos de prado temporal sementado dentro dunha rotación tradicional (o prado está presente un ou máis anos completos), declararase produto 63. Cinco anos seguidos con esta declaración daría lugar a un uso PS.
4. No caso de declaración de CFN para SIE como secundario no 2016, volverá a declararse ese mesmo produto CFN como principal no 2017. Esta declaración non será incidencia na verificación da rotación de SIE (asimilarase á excepción contemplada no RD para os CFN plurianuais: alfalfa, trevo, esparceta e zulla).
5. Se é necesario para solicitar axudas acopladas, poderá declararse como secundario (denominado agora “outro cultivo”) o cultivo do verán de 2017 (por exemplo, o xirasol para solicitar a axuda aos cultivos proteicos).
6. As comprobacións sobre o terreo da diversificación no periodo principal do 2017 esixirán, previsiblemente, teledetección.

III – PRESOLICITUDES

- ◆ A xeración das presolicitudes por SGA utilizará as seccións definidas en CNC de 2016 antes da extracción da caché.
- ◆ Incorporarase o produto declarado en 2016 en cada parcela (agás os CFN, para non “inducir” posibles incumprimentos da rotación requerida) tamén nos expedientes no RPB (e no caso de actualización no recinto SIXPAC saltará unha incidencia na aplicación de captura). En calquera caso, o novo período principal de cultivo implicará que os agricultores teñan que facer cambios nos produtos a declarar en 2017 (por exemplo, os produtores que fan a rotación anual raigrass-millo).
- ◆ As presolicitudes poderán transformarse automaticamente a predeclaracións gráficas e utilizando os bosquejos existentes en 2016. Previsible necesidade de definición de novos bosquejos en 3.697 solicitudes > 30 ha: 8.903 esbozos (pois nesas solicitudes existen xa 11.520 bosquejos e 350.000 parcelas ocupan o recinto completo).

IV – APLICACIÓN DE CAPTURA

- ◆ Diversas melloras, particularmente na Declaración Gráfica.
- ◆ Posible solicitar axudas acopladas en cultivos secundarios.

Grazas pola súa atención
